

MEMORIA ACTIVIDADES

ADEGA – Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza Ano 2025

PROXECTOS:

1. Cerna

Cerna é o proxecto comunicativo de ADEGA. A través da subvención da Área de Cultura da Deputación da Coruña, Cerna continúa a súa andaina reforzando os seus puntos fortes e incorporando novas propostas de mellora para incrementar o alcance do proxecto, como por exemplo, a renovación integral da súa identidade visual, a actualización da súa Newsletter Cerna ou o fortalecemento da parte audiovisual. O obxectivo é consolidar un proxecto máis dinámico, moderno e útil para a súa cidadanía.

Durante o ano 2025, editáronse dúas revistas dixitais e unha edición impresa en formato anuario, a cor, en papel reciclado e ecolóxico, e cunha tiraxe de 2.000 exemplares a distribuír entre as 4 provincias galegas. Radio Cerna produciu e emitiu 39 espazos de radio a través de 22 emisoras locais e municipais de Galiza e a través da rede (desde a súa páxina web: <http://adega.gal/radiocerna>, desde as redes sociais e a plataforma de podcast ivoox.com). Todos estes espazos están subidos no repositorio web e pódense escoitar vía streaming ou descarga de arquivo. Así mesmo, Cerna TV acolleu un total de 15 contidos audiovisuais -proprios e alleos-; desenvolvéronse 37 dosieres ambientais e enviáronse 30 newsletters Cerna a unha rede de subscritoras do boletín de máis de 600 persoas. O Proxecto Cerna, ao longo de 2025, tivo presenza nas redes sociais da organización con en torno a 50 publicacións en Instagram, Facebook e Bluesky, onde ADEGA conta con máis de 32.000 persoas seguidoras. Alén do Proxecto Cerna, ADEGA articula desde a súa área de comunicación as accións de difusión, relación cos medios e xestión de redes sociais vinculadas ás campañas reivindicativas da organización e aos seus proxectos de educación ambiental. Esta área continúa o traballo de reforzo da identidade visual da asociación xa iniciado durante o período de 2024-2025, coa actualización do seu manual e a creación de novas pautas comúns para garantir unha imaxe recoñecible e máis uniforme dos contidos divulgados por ADEGA.

2. Proxecto Ríos

É a principal iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá e voluntariado en defensa dos nosos ríos, con 317 grupos participantes e 4.000 voluntarios/as en toda Galiza. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado ecolóxico dos ríos galegos por parte de persoas ou grupos, xornadas de formación, roteiríos, etc.

En 2025 celebrouse o 20 aniversario do proxecto e deseñouse para isto a campaña #SumateáCorrente, na que se editaron diversos materiais, como o logo do aniversario e a exposición “20 Anos Unindo Ríos e Persoas”, na que se recollen as actividades e iniciativas levadas adiante dende o Proxecto Ríos durante dúas décadas. Na provincia de A Coruña, participaron directamente no 2025 774 persoas. As actividades consistiron na reedición de material educativo e divulgativo (fichas, manuais, folletos, pósters, unidade

didáctica sobre as EEI, etc.) e fixéronse dous cursos, tanto para voluntariado como para persoal de municipal no concello de Muros. Fixéronse 22 saídas formativas na provincia da Coruña na que participaron 413 persoas e 41 docentes ou educadoras/es. As inspeccións fixéronse en 18 treitos de río de 13 concellos diferentes. Na actividade de descuberta de biodiversidade ou bioblitz achegámonos a coñecer as comunidades de micromamíferos asociadas ao medio fluvial e terreos adxacentes. Participaron 9 persoas en total. Tamén se fixeron dous roteiríos, un no río Te (Rianxo) e outro no río Sar (Ames e Santiago de Compostela) cunha participación de 15 e 12 persoas respectivamente. Deuse continuidade á Limpeza Simultánea de Ríos, que desta volta, acadou a súa XVIII edición, na que se realizaron 19 limpezas en diferentes treitos e na que participaron máis de 172 persoas de 23 grupos diferentes.

Tamén no 2025, e a solicitude da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, remitimos unha proposta de accións a realizar nesta demarcación hidrográfica. Entre as accións propostas e requiridas polo organismo de conca estaba a realización de saídas formativas, limpezas de ríos, un campo de voluntariado e cursos de formación, así como divulgación en medios e redes sociais destas accións. Ao aprobarse cara final de 2025, quedaron accións a executar a principios de 2026.

3. Fluviatilis

O proxecto "FLUVIATILIS: custodia para la resiliencia" ten como obxectivo principal a conservación e rehabilitación de ecosistemas fluviais en zonas protexidas, aumentando a súa resiliencia ao cambio climático e a provisión de servizos ecosistémicos mediante a custodia fluvial, unha importante ferramenta para a xestión integrada do territorio. Fluviatilis nace cunha visión conxunta, mais cada entidade coordinará as actuacións no seu territorio: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en Galiza, Asociación de Naturalistas do Sureste (ANSE) na Rexión de Murcia, Grup de Natura Freixe (GNF) en Catalunya, Fundació LIMNE na Comunitat Valenciana e Red Cambera en Cantabria. A clausura do proxecto fíxose na sede de ADEGA en novembro de 2025, coa participación das entidades da agrupación. Nesta xornada, realizada en formato telemático, presentáronse os resultados acadados durante o desenvolvemento do proxecto, o vídeo final do proxecto e a Guía de Custodia Fluvial.

4. Custodia do Territorio Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra solicitou a colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) no 2025 no marco do proxecto transfronteirizo GreenGap (Interreg España-Portugal), para a organización o venres 3 e sábado 4 de outubro dunhas xornadas centradas na custodia do territorio, unha ferramenta clave para a conservación ambiental a través de acordos voluntarios entre propietarios de terreos e entidades sen ánimo de lucro.

O obxectivo do encontro foi dar a coñecer esta estratexia de xestión colaborativa, que busca preservar a biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio natural e cultural mediante accións concretas, como a eliminación de especies invasoras, a recuperación de sendeiros tradicionais ou a plantación de especies autóctonas. Encadradas nas xornadas realizouse unha visita ao proxecto de custodia do territorio do Couto da Eirexiña e ao río Almofrei.

Así mesmo, botou a andar no río Almofrei, dende ADEGA, e tamén coa colaboración do concello, un acordo de custodia fluvial para o estudo e mellora ecolóxica deste río. Alén da sinatura dun primeiro acordo de custodia fluvial cunha veciña de Bora vanse realizar accións de estudo e conservación.

5. Roteiros ADEGA Lugo

ADEGA desenvolve periodicamente roteiros de divulgación e posta en coñecemento do territorio e da paisaxe que nos rodea. En 2024-2025 o programa levou por título “Auga: o quebracabezas da vida”. Este proxecto conta coa súa propia web onde se poden comprobar os roteiros xa realizados: <http://roteirosadegalugo.wordpress.com> No 2026 programaranse de novo roteiros, atendendo aos temas específicos que estea traballando a delegación nese momento.

6. Charcas con vida na Reserva da Biosfera Terras do Miño

O proxecto tivo como obxectivo difundir e poñer en valor as charcas como ecosistemas clave para a biodiversidade, así como sensibilizar sobre as ameazas que sofren e promover a súa conservación mediante accións de educación ambiental, voluntariado e participación cidadá.

No marco do proxecto leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Voluntariado ambiental: realizáronse tarefas de mantemento e mellora dunha charca no concello de Friol (Santa Marta), co obxectivo de conservar o hábitat e favorecer a biodiversidade asociada .
- Educación ambiental: desenvolveuse unha actividade co CPI Dr. Suárez de Friol, consistente na visita á parcela Rego Salgueiro, onde se realizou a inspección dunha charca para identificar especies e iniciar o seu rexistro .
- Elaboración dun inventario de charcas: iniciouse a creación dun inventario de charcas da Reserva da Biosfera Terras do Miño, comezando polos concellos de Friol e Pol mediante revisión de cartografía oficial e traballo de campo. Ademais, promoveuse a participación cidadá a través da recollida de datos achegados pola veciñanza .
- Elaborouse e instalouse un panel informativo na parcela Rego Salgueiro co fin de difundir os valores ambientais das charcas

7. Patrimonio rural: Custodiando o noso legado máis singular

O proxecto engloba unha serie de actividades encamiñadas á defensa, divulgación, custodia, restauración e conservación do patrimonio cultural e ambiental ligado intrinsecamente ao medio no que se sitúa, isto é ao medio rural, e á forma de vida que nel se desenvolveu en tempos pretéritos e na actualidade. Boa parte das actividades, se desenvolveron nestes dous últimos anos nalgunhas das parcelas custodiadas por ADEGA en Friol ou Láncara. No 2025 organizáronse xornadas e charlas en Antas de Ulla, Sarria, Pol e A Pastoriza.

8. Da Escola á Granxa

A iniciativa 'Da escola á granxa', impulsada pola Área de Medio Rural da Deputación de Lugo, ofreceu ao alumnado lucense durante varios meses lectivos a posibilidade de visitar un total de 25 granxas e pequenas empresas de todas as comarcas para visibilizar o papel do sector primario na sociedade e crear referentes no rural para as xeracións máis novas. ADEGA participou na impartición de 15 obradoiros en toda a provincia sobre hotel de insectos, construción de comedeiros para aves, etc..

No ano 2025 continuouse con este programa da Área de Medio Rural da Deputación de Lugo, houbo 14 solicitudes e realizáronse 14 actividades (unha delas renunciou) en dez centros de ensino diferentes xa que

cada ANPA pode pedir dous obradoiros. As actividades máis solicitadas foron: As aves amigas, Hotel de insectos, Bombas de sementes, Fabricando espantallos con material de refugallo e o taller de Aforramos auga.

9. Limpeza de praias / Lixo mariño

A fin de semana do 17 de outubro do 2025 tivo lugar a XIV Limpeza Simultánea de Praias onde máis de 40 entidades e máis de 800 persoas voluntarias. Retiráronse case 800 kg de lixo, nos que se atoparon como todos os anos diversos aparellos de pesca, pellets, biosoportos e panos húmidos.

10. Custodiando o monte da Fraga da UDC

ADEGA mantén vivo un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña, a través da súa oficina de medio ambiente para o desenvolvemento de actividades de custodia do Monte da Fraga (Campus Zapateira). En 2025 os traballos seguiron centrándose na eliminación de flora exótica invasora e reparación do valado de pedra seca, tamén en traballos de coidado da charca do Monte da Fraga que volve a albergar vida.

11. Campo de Voluntariado en Ons

O pasado mes de outubro, ADEGA desenvolveu un campo de voluntariado para eliminación de especies exóticas invasoras en dúas zonas sensibles da Illa de Ons: a zona húmida do Caño —onde retiramos 20 sacos de */Tradescantia fluminensis/*— e a área da Punta da Xestosa, onde actuamos sobre 27 exemplares de acacia negra para protexer un pequeno bosque autóctono de cerquiños. Esta actividade foi financiada a través das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (2025). Os resultados das actuacións, sobre todo a eliminación e descortezamento de *A. melanoxylon*, foron moi positivas segundo comentaron dos gardas ambientais da illa de Ons, cun alto porcentaxe de individuos que secaron. A eliminación de *T. fluminensis* precisa continuidade para apreciar avances na xestión da especie invasora.

12. Xornadas: O rural galego en feminino

A cidade da Coruña acolleu as xornadas "O rural galego en feminino", organizadas por ADEGA en colaboración co Concello da Coruña, na fin de semana do 29 e 30 de novembro. Contouse con relatoras e activistas que reflexionaron sobre o papel das mulleres no rural galego, os desafíos ambientais e sociais, e os novos modelos de sustentabilidade e emprendemento.

13. Couto da Eirexiña

O Couto da Eirexiña é un proxecto de custodia do territorio que se establece desde ADEGA coa comunidade de montes en man común da parroquia de Rebordelo, no concello de Cerdedo-Cotobade. A principal finalidade do proxecto, que conta cunha superficie total custodiada de 172,66 hectáreas, é a conservación e a posta en valor do patrimonio natural e cultural de Rebordelo. Durante 2025, tiveron lugar varias xornadas de restauración ambiental: <https://coutodaeirexinha.gal/blogue/>

14. Eliminación de Especies Exóticas Invasoras en Muros

Programa levado a cabo no concello de Muros sobre a temática de Especies Exóticas Invasoras. Este programa constou de varios puntos nos que se realizou unha inspección previa das zonas de actuación. Posteriormente houbo varias actividades de eliminación e concienciación da cidadanía sobre este tema.

15. Tarugotón

Limpiarousa, Surfrider España, Proxecto aMARte e ADEGA impulsaron ao longo da fin de semana, do 31 de xaneiro ao 2 de febreiro, a I Recollida Simultánea de paus de batea nas praias de Galiza, nun esforzo conxunto por preservar as nosas costas e sensibilizar sobre a problemática da contaminación mariña. O Tarugotón, nome que recibiu esta iniciativa, mobilizou voluntariado en todo o litoral galego. En total, participaron na acción en torno a 300 persoas/entidades, ao longo de numerosas praias, e recolléronse ao redor de 15.300 paus de batea ou tarugos en tan só tres días, ademais de cordas enteiras cos tarugos enganchados.

16. Compostela Composta

Rematado o programa de compostaxe no concello de Compostela, que incluíu un proxecto de compostaxe comunitaria na escola de cociña, así como actividades e a instalación de composteiros en 10 centros de ensinanza. Tamén se impartiron charlas sobre agrocompostaxe e xestión de residuos.

17. Roteiros “Entre Sar e Sarela”

ADEGA foi a encargada de guiar 9 roteiros polos espazos verdes de Santiago, no marco do proxecto de restauración fluvial “Entre Sar e Sarela” do concello de Santiago.

18. Aqualoxía - Viaqua

Programa de educación ambiental nos concellos nos que Viaqua é a empresa concesionaria encargada da potabilización e depuración das augas. Programa centrado para os centros de ensino de primaria onde a través de experimentos e diferentes xogos explicamos o ciclo urbano da auga e importancia do uso responsable da mesma. Realizáronse 60 obradoiros. O programa tamén incluíu a realización de 10 visitas guiadas a EDAR e ETAP onde Veolia é a empresa concesionaria para todo tipo de público.

19. Educación ambiental no Concello de Muras

Programa de educación ambiental no concello de Muras dirixido ó centro de ensino e cidadanía xeral, con obradoiros sobre reciclaxe, inspección de ríos e limpeza do río.

CAMPAÑAS

1. Ti Podes Paralos

ADEGA deu continuidade á campaña “Ti podes paralos” durante 2025 sumando 8 novos recursos contencioso-administrativos contra as autorizacións dos proxectos eólicos. En total, xa acumula máis de 40 campañas de recadación, resoltas con éxito, practicamente na totalidade. Pódese acceder aquí: <https://tipodesparalos.helpbysc.com/inicio>

2. Xustiza para o Ulla

Esta campaña de recadación solidaria impulsada por ADEGA procurou reunir os fondos necesarios para a defensa xurídica do Ulla e da Ría de Arousa fronte á instalación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei e a reapertura da mina de Touro-O Pino. O recadado ata o momento, está destinado a recorrer a concesión de augas e a autorización ambiental integrada do proxecto da celulosa. En caso de que, finalmente, este proxecto se acabe arquivando, os fondos recadados seguirán estando destinados a defender o Ulla, deste ou doutros proxectos, como a mina de Touro-O Pino.

3. 50 Anos de ADEGA

En 2025 celebráronse varias actividades de conmemoración dos 50 anos de ADEGA, a maior parte delas, grazas ao apoio das Deputacións da Coruña e Lugo e dalgúns concellos (Santiago de Compostela, Pontevedra, Arzúa ou A Coruña). En xuño celebrouse un Festival en Lugo no que houbo mesas redondas, mercado de produtos ecolóxicos, actividades lúdicas, proxeccións documentais e concertos. Levouse a exposición exterior “50 anos coidando a terra” a 9 concellos do país e proxectouse o documental en Santiago, Lugo e A Coruña. Tamén se elaborou unha mostra expositiva para centros escolares que trancorreu por varios colexios de Pontevedra e Santiago. O libro conmemorativo do 50 aniversario de ADEGA acaba de saír do prelo. Será presentado publicamente neste ano 2026, no que tamén se dará continuidade ás itinerancias da exposición exterior.